

PATROCINAN:



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA

COORDINA:



COLABORA:



CONCELLO DE
BURELA

ORGANIZA:



CORAL POLIFÓNICA DE BURELA

I CONCERTO DE OUTONO

-SÁBADO 23 DE
SETEMBRO 2023

-CASA DA CULTURA
DE BURELA ÁS 20:30 H

ACTUARÁN:
RONDALLA ESTRELECER
ORFEÓN LUCENSE
CORAL POLIFÓNICA DE BURELA

RONDALLA "ESTRELECER"

No ano 1961 nace a *Rondalla Estrelecer*, formada unicamente por homes e adicada á interpretación instrumental; esta iniciativa perdurou ó longo da década dos sesenta con actuacións en diversas entidades.

Tras un longo paréntese xurdeu unha nova agrupación que conta na actualidade con 26 voces, unha guitarra, un baixo, un órgano e unha bandolina. Comeza os seus ensaios a finais do mes de novembro do ano 2003, baixo a dirección de D. Javier Amado.

Esta agrupación fixo a súa primeira actuación o día 23 de outubro do ano 2004 no local da sociedade, arroupados pola *Coral Polifónica de San Valentín* de Fene e a *Coral Polifónica Eixil* de Cedeira. A partir da súa presentación participou en distintos eventos (Festival de Habaneras e Panxoliñas do Concello de Fene; concentracións de Corais e Rondallas, actos benéficos, V Certame Internacional de Rondallas e Corais en Ourense, Festival de Vilancicos de Caixa Nova en Vigo e A Coruña, etc).

No ano 2009 obtivo o 2º premio pola música e letra no "Festival de Vilancicos de Caixa Nova", no 2010 foi finalista no "Festival de Vilancicos de Caixa Nova". En maio de 2015 grava un disco co nome "O son de San Paio".

A *Rondalla Estrelecer* conta cun repertorio musical variado (habaneras, foliadas, cancións populares, panxoliñas, etc.), tanto en castelán coma en galego; así como cancións propias, con música e letra de compoñentes da rondalla

- PROGRAMA**
- 1.- CANCIÓN DEL MAR (Adapt. Javier Amado Fdz.)
 - 2.- INDIA (Adapt. Javier Amado Fdz.)
 - 3.- EL MAR (Adapt. Javier Amado Fdz.)
 - 4.- RÍO DE CAMALOTES (Mercedes Sosa / versión Javier Amado Fdz.)
 - 5.- O VIRA VIRA (Fuxan os Ventos)

DIRIXE: Javier Amado

ORFEÓN LUCENSE

O Orfeón Lucense, que ten como antecedente o fundado no século XIX polo ilustre compositor Xoan Montes, é un grupo coral creado en 1982 en Lugo polo sacerdote e compositor José Castiñeira Pardo, que foi mestre da capela da Catedral de Santa María de Lugo e un destacado promotor da vida musical e cultural da cidade.

A súa condición de coro titular da Catedral explica o peso da música sacra no repertorio do grupo, non en van un dos motivos da fundación foi a creación dun conxunto permanente de voces que lle dese relevancia e brillo á liturxia e outros celebracións da Catedral.

Neste sentido, cabe apuntar a participación no "Festival Internacional de Órgano do Corpus Christi" incluído dentro da rede de festivais internacionais de música sacra, denominada "a música do Peregrino" e que teñen lugar en distintas cidades de Italia, Suíza e España. Así como a Participación na Noite coral Lucense, itinerario nocturno de concertos en distintos templos da cidade de Lugo.

Pero para o Orfeón Lucense a música secular é tan importante como a música relixiosa. Se en 1992 interpretou Non chores Sabeliña cun notable éxito de público, hoxe en día é frecuente a presenza de pezas corais de zarzuelas, así como a interpretación de pezas tradicionais galegas.

Outros directores do Orfeón Lucense foron Nemesio Gutiérrez González (1989-2008), Armando Cotarelo Álvarez (2008-2009) e Xesús Mato Mato (2009-2012) prestixioso musicólogo e activista musical e social, que transmitiu ao Orfeón a alegría e vivacidade que o caracterizan, cohesionando a formación e fortalecendo a súa vocación de Coro oficial da Catedral lucense e agrupación senlleira na provincia de Lugo.

Desde 2012 é o seu director Marcos Manuel Fernández Mosquera que emprendeu a tarefa de renovar con rigor a través da incorporación de novas voces e a ampliación do repertorio con novos estilos e formas musicais, pero sen desvirtuar nin perder de vista a propia identidade da agrupación.

- PROGRAMA**
- 1.- GABRIEL'S OBOE (Ennio Morricone. Arr. Paulo Rowlands)
 - 2.- NANA QUISQUILLOSA (Esteban Tozzi)
 - 3.- BULLERENGUE (Ritmo Colombiano. José Antonio Rincón)
 - 4.- LA FLOR (Popular Asturiana. Eduardo Martínez Torner)
 - 5.- CANDO VEXAS (Popular Galega. Arm. José Castiñeira Pardo)

DIRIXE: Marcos Manuel Fernández Mosquera

CORAL POLIFÓNICA DE BURELA

Despois da súa constitución en 1987 e tras un ano de intensos ensaios, debutou o 21 de maio de 1988 no Cine Mon de Burela, participando con outras corais e colectivos por toda a xeografía galega e asturiana, e tamén en Cantabria e na comunidade veciña de Castela e León: cidade de Valladolid en marzo de 2003; Villafranca do Bierzo; La Bañeza, Ponferrada, Favero del Bierzo, Dueñas, Palencia, Cantabria (Torrelavega), etc.

No 1992 actuou no Teatro Victoria Eugenia de San Sebastián con motivo do Festival "Galicia canta en Euskadi", e en outubro de 2007 en Getxo (Vizcaya). Ten sido seleccionada para actuar varios anos na "Mostra Xacobeana de Panxoliñas", participando tamén na Misa Dominical da TVG, no concurso "Con Música propia" e no programa "Galicia para el mundo".

Entre os actos que organiza desde a súa fundación destacan o Festival das Letras Galegas en maio e o de Panxoliñas en decembro. Tamén organizou o I, II e III Concertos de Zarzuela celebrados en Burela nos anos 2002, 2003 e 2006, con gran éxito de público. En maio de 2008 celebrou o seu XX Aniversario coa presenza de tódalas corais da Mariña Lucense: Polifónica de Ribadeo, Orfeón da Sociedade de Obreiros de Mondoñedo, Polifónica de Foz e Polifónica "Alborada" de Viveiro. Como dato importante que simboliza a culminación de vinte e cinco anos de andadura musical, cómpre destacar que o 14 de decembro de 2007 tiña lugar a presentación oficial do seu primeiro CD, editado por Clave Records de Santiago de Compostela (cunha edición de 1000 exemplares), e que fora gravado na Igrexa Parroquial de San Román de Villaestrofe (Cervo). Desde 2012 organiza tamén no mes de xullo o "Festival de Música do Mundo", e ó longo do 2013 a Coral Polifónica de Burela celebrou o seu XXV Aniversario con abundantes e variados actos, todos eles con moi boa acollida de público. Está integrada na Federación Coral Galega (FE.CO.GA.) desde a súa fundación.

Ata outubro de 1989 estivo dirixida por Secundino Rodríguez Pérez, sendo relevado por D. Higinio Pérez Bustabad ata 1999. Despois desta data o seu director foi D. Delio Represas Carrera, compartindo tarefa de dirección con D. Felipe Sánchez Fernández desde novembro de 2005 ata decembro de 2011. A partir desta data dirixe a coral D. Felipe Sánchez Fernández ata xaneiro de 2018, mes no que se fai cargo da dirección da coral D. Iván Vale Fraga, desde febreiro do 2023 dirixe esta formación Dª Lucía Expósito Martínez.

- PROGRAMA**
- 1.- SENHORA DO ALMURTAO (Tradicional de Portugal. Arm. Julio Domínguez)
 - 2.- GUANTANAMERA (Joseito Fernández. Arr. coral: Electo Silva)
 - 3.- SIYAHAMBA (Canción Zulú)
 - 4.- QUEN PUIDERA NAMORALA (Letra: Alvaro Cunqueiro. Música: E. Batallán)
- DIRIXE:** Lucía Expósito Martínez